

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12888 *Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A unidade de mercado constitúe un principio económico esencial para o funcionamento competitivo da economía española. O principio de unidade de mercado ten o seu reflexo no artigo 139 da Constitución que expresamente impide adoptar medidas que, directa ou indirectamente, obstaculicen a liberdade de circulación e o establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio español.

Co fin de facer efectivo o principio de unidade de mercado, nas últimas décadas leváronse a cabo importantes esforzos. No entanto, e a pesar das medidas adoptadas, a fragmentación subsiste no mercado español, o que se traduce nun elevado custo que dificulta, de forma considerable, a actividade das empresas. A necesidade de eliminar este custo, así como os obstáculos e trabas derivados do crecemento da regulación, foi unha das principais demandas que os operadores económicos viñeron trasladando nos últimos anos.

Esta fragmentación do mercado nacional dificulta a competencia efectiva e impide aproveitar as economías de escala que ofrecen operar nun mercado de maiores dimensións, o que desincentiva o investimento e, en definitiva, reduce a produtividade, a competitividade, o crecemento económico e o emprego, co importante custo económico que supón, en termos de prosperidade, emprego e benestar dos cidadáns.

No contexto actual, esta lei busca establecer os principios e as normas básicas que, con pleno respecto ás competencias das comunidades autónomas e das entidades locais, garantan a unidade de mercado para crear un contorno moito máis favorable á competencia e ao investimento facilitando que os axentes económicos se poidan beneficiar das ganancias dunha maior dimensión en termos de produtividade e custos, en favor da creación de emprego e de crecemento, e en beneficio último dos consumidores e dos usuarios que terán un maior acceso a produtos e servizos de calidade. Todas as administracións públicas observarán os principios recollidos nesta lei, en todos os seus actos e disposicións e para todas as actividades económicas, e especialmente naquelas actividades que, ben polo seu carácter estratéxico (telecomunicacións, enerxía, transportes), ben polo seu potencial para a dinamización e o crecemento económico (distribución comercial, turismo, construción, industrias creativas e culturais, alimentación, sector inmobiliario, infraestruturas), resultan de especial relevancia para a economía.

Na elaboración desta lei tívose en conta a experiencia adquirida durante o proceso de transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, tamén coñecida como «Directiva de servizos», proceso no cal se incorporaron ao ordenamento xurídico español, a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, así como unha serie de principios básicos para a libre circulación, en especial, o principio de eficacia nacional dos medios de intervención

administrativa. A Lei 17/2009, do 23 de novembro, senta un precedente en materia de unidade de mercado para o sector servizos que se considera que se debe estender a todas as actividades económicas. Así, esta lei aplicarase tamén aos sectores expresamente excluídos da Directiva de servizos (como, por exemplo, as comunicacións electrónicas, o transporte, as empresas de traballo temporal, a seguridade privada, etc.) e á circulación de produtos. Así mesmo, tívose en conta a profusa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre os principios básicos establecidos nesta lei. En particular, en relación cos principios de necesidade e proporcionalidade, o principio de eficacia nacional e o principio de non discriminación.

A diferenza do proceso de construción do Mercado Interior da Unión Europea que se desenvolveu ao longo dos últimos vinte anos, esta norma pretende garantir a unidade do mercado nacional español cuxa existencia é xa unha premisa básica de partida da Constitución española, evitando ou minimizando as distorsións que poidan derivar da nosa organización administrativa territorial. Isto non pode senón afectar positivamente a propia construción do mercado interior no ámbito europeo, dado que é indubidable que un mellor funcionamento do mercado único español terá un efecto positivo sobre o desenvolvemento do mercado interior da Unión Europea.

En particular, as obrigas que o Estado asume respecto dos operadores doutros Estados membros, entre elas as derivadas da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, e da Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, quedan totalmente cubertas pola aplicación da normativa específica de transposición das ditas directivas. Non obstante, ademais do cumprimento da normativa da Unión Europea, os operadores doutros Estados membros da Unión establecidos ou que se desexen establecer en España tamén se poderán tamén beneficiar dun réxime máis favorable noutras moitas actividades económicas, alén do ámbito da Directiva de servizos, mentres que os operadores doutros Estados membros que ofrezan os seus servizos en España en libre prestación seguirán gozando do marco establecido pola Directiva de servizos, pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, e pola normativa sectorial da Unión mentres que estean legalmente establecidos noutros Estados membros.

Sen prexuízo das competencias que, en cada caso, corresponden ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, con esta lei dótanse de eficacia en todo o territorio nacional as decisións tomadas pola autoridade competente de orixe, baseadas nun criterio de confianza mutua, e aplícanse principios comúns como o principio de eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas na libre iniciativa económica, o que implica o recoñecemento implícito de actuacións das autoridades competentes doutras administracións públicas. A lei non ten como finalidade uniformar os ordenamentos xurídicos posto que, como xa sinalou o Tribunal Constitucional en numerosas ocasións, unidade non significa uniformidade, xa que a mesma configuración territorial do Estado español e a existencia de entidades con autonomía política, como son as comunidades autónomas, supón unha diversidade de réximes xurídicos.

Para alcanzar a aplicación uniforme dos anteriores principios e o logro dos obxectivos perseguidos con esta lei, óptase por un modelo de reforzo da cooperación entre o Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais. Neste sentido, un elemento importante desta lei é o aproveitamento das estruturas de cooperación existentes para impulsar todo o proceso. Ademais, prevese a creación dun consello para a unidade de mercado como órgano de cooperación administrativa para o seguimento da aplicación desta lei.

Así mesmo, con obxecto de manter os niveis de calidade dos produtos e servizos, na lei refórzanse os mecanismos de cooperación e colaboración entre as distintas autoridades competentes para a supervisión dos operadores económicos e establécense procedementos de alerta na cooperación para o control da provisión de bens e servizos, para evitar prexuízos sobre a saúde ou a seguridade das persoas ou sobre o ambiente e facilitar a adopción das medidas que resulten necesarias. Nesta liña, a lei segue contribuíndo a mellorar os niveis de calidade e seguridade dos produtos e servizos por

enriba das exixencias normativas mediante o impulso do uso voluntario de normas de calidade, en beneficio último dos consumidores e usuarios.

Por outro lado, establécense canles de comunicación entre a Administración e co sector privado para permitir aos axentes económicos e ás empresas transmitir ás Administracións públicas situacións e obstáculos concretos que fragmentan o mercado nacional con obxecto de que poidan ser resoltos de forma áxil.

Finalmente, esta lei aproveita para seguir impulsando un marco regulatorio eficiente para as actividades económicas que simplifique a lexislación existente, elimine regulacións innecesarias, estableza procedementos máis áxiles e minimize as cargas administrativas. A maior parte das barreiras e obstáculos á unidade de mercado elimínanse adoptando criterios de boa regulación económica. É importante manter a regulación baixo un proceso de revisión constante baseado nos principios de boa regulación e de unidade de mercado nacional.

Así pois, partindo do artigo 38 da Constitución española, que recoñece a liberdade de empresa no marco da economía de mercado, debendo os poderes públicos garantir e protexer o seu exercicio e a defensa da produtividade, de acordo coas exixencias da economía xeral, esta reforma constitúe un elemento central do obxectivo do establecemento dun contorno económico e regulatorio que favoreza o emprendemento, a expansión empresarial, a actividade económica e o investimento, en beneficio dos destinatarios de bens e servizos, dos operadores económicos e dos consumidores e usuarios.

O Tribunal Constitucional considerou en múltiples ocasións que en Estados coma o noso de estrutura territorial complexa, a exixencia de que os principios básicos da orde económica sexan uns e os mesmos en todo o ámbito nacional é unha proxección concreta do máis xeral principio de unidade. Así, considerou o Tribunal Constitucional que o funcionamento da actividade económica exige a existencia duns principios básicos da orde económica que se deben aplicar con carácter unitario e xeral a todo o territorio nacional.

II

A lei consta de vinte e oito artigos agrupados en dez capítulos, dez disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, sete disposicións derradeiras e un anexo.

O capítulo I, «Disposicións xerais», inclúe as disposicións que regulan o obxecto e o ámbito de aplicación. En concreto, determínase un ámbito de aplicación amplo que inclúe o acceso e o exercicio de actividades económicas en condicións de mercado e, en consecuencia, todos os actos e disposicións das diferentes administracións públicas que afecten o acceso e o exercicio das mencionadas actividades económicas.

O capítulo II, «Principios de garantía da liberdade de establecemento e da liberdade de circulación», desenvolve os principios xerais necesarios para garantir a unidade de mercado. En concreto, o principio de non discriminación, o principio de cooperación e confianza mutua, o principio de necesidade e proporcionalidade das actuacións das autoridades competentes, o principio de eficacia destas en todo o territorio nacional, o principio de simplificación de cargas, o principio de transparencia e a garantía das liberdades dos operadores económicos en aplicación destes principios.

O capítulo III, «Garantía da cooperación entre as administracións públicas», crea o Consello para a Unidade de Mercado, asistido por unha secretaría de carácter técnico, como órgano de cooperación administrativa para o seguimento e o impulso da aplicación da lei. Así mesmo, este capítulo inclúe preceptos referentes á cooperación no marco das conferencias sectoriais e na elaboración de proxectos normativos. Por outro lado, establécese un mandato para manter unha avaliación constante das normas das diferentes administracións.

O capítulo IV, «Garantías ao libre establecemento e circulación», partindo do principio de libre iniciativa económica, regula a instrumentación do principio de necesidade e proporcionalidade. As autoridades poderán elixir entre unha comunicación, unha declaración responsable ou unha autorización, en función do interese xeral que haxa que

protexer, dos requisitos que, se é o caso, se exixan para a salvagarda do dito interese xeral e en atención á natureza da actividade e de se o medio de intervención se dirixe á propia actividade ou á infraestrutura física. A autorización é o medio de intervención que máis limita o acceso a unha actividade económica e ao seu exercicio. Por iso, desde a perspectiva dos operadores económicos, considéranse motivos que habilitan para exixir autorización administrativa, a existencia de razóns de seguridade pública, saúde pública, protección do ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade e a orde pública, dentro da cal se inclúen, entre outras, a prudencia e a garantía da estabilidade financeiras. Pero, aínda que exista algún deses motivos, sempre se deberá valorar que a exixencia dunha declaración responsable, ou dunha comunicación, non sexa suficiente para garantir o obxectivo perseguido, de acordo co principio de proporcionalidade. Por exemplo, en aplicación do principio de necesidade por saúde pública, é posible que se deban regular varias actividades que se ofrecen en condicións de mercado no marco da planificación sanitaria. A algunhas destas actividades esixiráselles autorización e a outras unha declaración responsable ou unha comunicación, en función de se é necesaria unha verificación previa dos requisitos exixidos.

Por outro lado, a autorización será o instrumento adecuado para garantir a concorrencia competitiva nos casos onde existe unha limitación do número de operadores no mercado pola escaseza de recursos naturais, o uso do dominio público, as limitacións técnicas desa actividade ou pola prestación de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas, incluídos aqueles cuxa prestación necesita a utilización do dominio público ou por que se trate de servizos que poidan poñer en risco a súa adecuada prestación, como sucede, por exemplo, co exercicio das actividades desenvolvidas polo taxi e o arrendamento de vehículos con condutor, coas concesións demaniais ou coas oficinas de farmacia que se consideran incluídas nas previsións do artigo 17.1 desta lei.

É importante subliñar que o artigo 17 se debe entender sen prexuízo do principio de eficacia das actuacións das autoridades competentes en todo o territorio nacional. Así, unha vez que os operadores obtiveron unha autorización ou presentaron unha declaración responsable ou comunicación para accederen a unha actividade, ou incluso se accederon a ela sen necesidade de realizar ningún trámite previo, esta poderá ser exercida en todo o territorio nacional, sen que caiba, por exemplo, a exixencia dunha nova autorización, declaración responsable ou comunicación, excepto para determinadas actuacións para as cales se limita este principio de eficacia nacional.

Igualmente, determínanse as actuacións que limitan as liberdades de establecemento e de circulación, e as autoridades competentes deben asegurarse de que as súas actuacións non teñan como efecto a creación dun obstáculo ou barreira á unidade de mercado.

O capítulo V, «Principio de eficacia en todo o territorio nacional», desenvolve as disposicións relativas a este principio, que constitúe un dos elementos centrais desta lei. De acordo con este principio, baseado na confianza mutua, calquera operador legalmente establecido, ou calquera ben legalmente producido e posto en circulación, poderá exercer a actividade económica ou circular en todo o territorio nacional sen que caiba, en principio, exixirles novas autorizacións ou trámites adicionais doutras autoridades competentes diferentes. Regúlanse con detalle diferentes supostos de acreditacións, recoñecementos, cualificacións, certificacións e cualificacións e actos de habilitación e a previsión expresa na normativa autonómica ou local da validez do réxime aplicable aos operadores establecidos noutros lugares do territorio. Este principio de eficacia non é, no entanto, aplicable a determinadas actuacións relacionadas coas instalacións ou infraestruturas físicas, coa ocupación do dominio público ou coa prestación de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas que, pola súa propia natureza, resultan vinculados cun ámbito territorial determinado, como novamente sucede coas actividades desenvolvidas polo taxi e o arrendamento de vehículos con condutor, coas concesións demaniais ou coas oficinas de farmacia, que se consideran incluídas nas previsións do segundo parágrafo do artigo 20.4 desta lei.

O capítulo VI, «Supervisión dos operadores económicos», determina as autoridades competentes para a supervisión e control do acceso e exercicio da actividade económica. A supervisión e control por parte das autoridades designadas está apoiada pola necesaria comunicación e intercambio de información entre autoridades regulada neste capítulo. Así mesmo, prevese a integración da información que consta nos rexistros sectoriais.

Por último, o capítulo VII, «Mecanismos de protección dos operadores económicos no ámbito da liberdade de establecemento e da liberdade de circulación», establece e regula os mecanismos para a defensa dos intereses dos operadores económicos, proporcionando unha solución áxil de obstáculos e barreiras á unidade de mercado detectados polos operadores económicos.

Por iso, co fin de garantir os dereitos dos cidadáns e procurar a axilidade necesaria na aplicación desta lei, se previron os oportunos procedementos polos cales pode optar o interesado como alternativa ao tradicional sistema de recursos.

Estes procedementos permitirán que, naquelas situacións en que o interese xeral representado pola unidade de mercado se poida ver vulnerado pola actuación pública, o interesado poida utilizar, se o ten por conveniente, o sistema administrativo de recursos, pero tamén poida acudir a esta nova alternativa que se configura.

Nesta vía preténdese que, no ámbito de aplicación desta lei, se resolvan os conflitos coa presteza necesaria para evitar que a protección efectiva da unidade de mercado e dos dereitos dos cidadáns e das empresas poida resultar menoscabada, permitindo, asemade, o acceso á vía xudicial para todas as partes coa mesma amplitude que hoxe ten.

As disposicións adicionais regulan unha serie de aspectos complementarios necesarios para a aplicación e impulso do disposto nesta lei.

Así, prevese que cando, por razóns de orde pública que, de acordo coa interpretación das institucións da Unión Europea, inclúe a loita contra a fraude e a garantía da estabilidade financeira, que fundamentaría a necesidade de intervención nos sectores bancario, financeiro e de seguros, o medio de intervención corresponde ao Estado e a eficacia no territorio nacional queda garantida pola propia intervención estatal. Así mesmo, recóllese unha excepción ao disposto no artigo 19.2 para determinados produtos regulados; modifícase a denominación da Plataforma de contratación do Estado, que pasará se a denominar a Plataforma de contratación do sector público, e recóllese, ademais, a obrigatoriedade de publicación das convocatorias de licitacións públicas e dos seus resultados; realízase un mandato ás administracións públicas para promover o uso voluntario de normas de calidade; prevese a acción popular e o dereito de petición; encárgase á Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos a avaliación periódica da implementación e os efectos da lei, prevese a presentación á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos dun plan de traballo e seguimento con carácter anual, recóllese o plan de traballo das conferencias sectoriais e establécese o prazo máximo de remisión da información para a integración nos rexistros sectoriais e da posta en funcionamento do sistema de intercambio electrónico de información.

A disposición derogatoria e as disposicións derradeiras primeira e segunda efectúan as derogacións e as modificacións das normas con rango de lei que resultan afectadas pola entrada en vigor desta norma. En particular, modifícase a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, para regular os novos procedementos para solucionar posibles vulneracións á unidade de mercado. Pola súa parte, as outras disposicións derradeiras inclúen unha modificación da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, as previsións relacionadas co título competencial, a adaptación das disposicións con rango legal e regulamentario, a habilitación normativa e a entrada en vigor da lei.

Finalmente, no anexo recóllese determinadas definicións para os efectos desta lei.

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149 1.^a, 6.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución española que establece que o Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: regulación de condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, así como sobre a

lexislación mercantil e procesual, as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, as bases do réxime xurídico das administracións públicas e a lexislación básica sobre contratos administrativos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto establecer as disposicións necesarias para facer efectivo o principio de unidade de mercado no territorio nacional. En particular, ten por obxecto garantir a integridade da orde económica e facilitar o aproveitamento de economías de escala e alcance do mercado mediante o libre acceso, o exercicio e a expansión das actividades económicas en todo o territorio nacional, garantindo a súa adecuada supervisión, de conformidade cos principios contidos no artigo 139 da Constitución.

2. A unidade de mercado fundaméntase na libre circulación e establecemento dos operadores económicos, na libre circulación de bens e servizos por todo o territorio español, sen que ningunha autoridade poida obstaculizala directa ou indirectamente, e na igualdade das condicións básicas de exercicio da actividade económica.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei será de aplicación ao acceso a actividades económicas en condicións de mercado e ao seu exercicio por parte de operadores legalmente establecidos en calquera lugar do territorio nacional.

CAPÍTULO II

Principios de garantía da liberdade de establecemento e da liberdade de circulación

Artigo 3. *Principio de non discriminación.*

1. Todos os operadores económicos terán os mesmos dereitos en todo o territorio nacional e con respecto a todas as autoridades competentes, sen discriminación ningunha por razón do lugar de residencia ou establecemento.

2. Ningunha disposición de carácter xeral, actuación administrativa ou norma de calidade que se refira ao acceso ou ao exercicio de actividades económicas poderá conter condicións ou requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto a discriminación por razón de establecemento ou residencia do operador económico.

Artigo 4. *Principio de cooperación e confianza mutua.*

Co fin de garantir a aplicación uniforme dos principios recollidos neste capítulo e a supervisión adecuada dos operadores económicos, as autoridades competentes cooperarán no marco dos instrumentos establecidos no capítulo III desta lei.

As autoridades competentes, nas súas relacións, actuarán de acordo co principio de confianza mutua, respectando o exercicio lexítimo por parte doutras autoridades das súas competencias, recoñecendo as súas actuacións e ponderando, no exercicio de competencias propias, a totalidade de intereses públicos implicados e o respecto á libre circulación e establecemento dos operadores económicos e á libre circulación de bens e servizos por todo o territorio nacional.

Artigo 5. *Principio de necesidade e proporcionalidade das actuacións das autoridades competentes.*

1. As autoridades competentes que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan límites ao acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, de conformidade co previsto no artigo 17 desta lei, ou exixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, motivarán a súa necesidade na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

2. Calquera límite ou requisito establecido conforme o punto anterior deberá ser proporcionado á razón imperiosa de interese xeral invocada e deberá ser tal que non exista outro medio menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica.

Artigo 6. *Principio de eficacia das actuacións das autoridades competentes en todo o territorio nacional.*

Os actos, disposicións e medios de intervención das autoridades competentes relacionados co libre acceso e exercicio da actividade económica terán eficacia en todo o territorio nacional, de acordo co establecido no capítulo V desta lei.

Artigo 7. *Principio de simplificación de cargas.*

A intervención das distintas autoridades competentes garantirá que non xera un exceso de regulación ou duplicidades e que a concorrencia de varias autoridades nun procedemento non implica maiores cargas administrativas para o operador ca as que se xerarían coa intervención dunha única autoridade.

Artigo 8. *Principio de transparencia.*

Todas as autoridades competentes actuarán con transparencia para a correcta aplicación desta lei e a detección temperá de obstáculos á unidade de mercado. Así mesmo, cada autoridade competente asegurase de que as disposicións e actos recollidos no artigo 9.2 desta lei son facilmente accesibles e cumpren o disposto na Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo Goberno.

Artigo 9. *Garantía das liberdades dos operadores económicos.*

1. Todas as autoridades competentes velarán, nas actuacións administrativas, disposicións e medios de intervención adoptados no seu ámbito de actuación, pola observancia dos principios de non discriminación, cooperación e confianza mutua, necesidade e proporcionalidade das súas actuacións, eficacia en todo o territorio nacional destas, simplificación de cargas e transparencia.

2. En particular, garantirán que as seguintes disposicións e actos cumpren os principios citados no punto anterior:

a) As disposicións de carácter xeral que regulen unha determinada actividade económica ou incidan nela.

b) As autorizacións, licenzas e concesións administrativas, así como os requisitos para o seu outorgamento, os exixibles para o exercicio das actividades económicas, para a produción ou distribución de bens ou para a prestación de servizos e aquelas materias que versen sobre o exercicio da potestade sancionadora ou autorizadora en materia económica.

c) A documentación relativa aos contratos públicos, incluídos os pregos e as cláusulas dos contratos públicos.

d) Os actos ditados en aplicación das disposicións, requisitos e condicións mencionados nas letras anteriores, así como os procedementos asociados a estes.

- e) Os estándares de calidade emanados de normas ou consellos reguladores, así como os actos que acrediten o cumprimento destes estándares de calidade.
- f) Calquera outro acto, resolución e procedemento administrativo que afecte os operadores económicos.

CAPÍTULO III

Garantía da cooperación entre as administracións públicas

Artigo 10. *Consello para a Unidade de Mercado.*

1. Créase o Consello para a Unidade de Mercado como órgano de cooperación administrativa para o seguimento da aplicación do contido desta lei.

2. O Consello para a Unidade de Mercado estará presidido polo ministro de Facenda e Administracións Públicas e contará coa presenza do secretario de Estado de Administracións Públicas, o secretario de Estado de Economía e Apoio á Empresa, o subsecretario de Presidencia, os conselleiros das comunidades autónomas competentes por razón da materia e representantes da Administración local.

3. O Consello para a Unidade de Mercado contará cunha secretaría, que dependerá da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

4. O Consello para a Unidade de Mercado reunirse cando menos semestralmente e terá as seguintes funcións:

- a) Seguimento da adaptación da normativa do conxunto das autoridades competentes aos principios desta lei.
- b) Impulso dos cambios normativos necesarios para a eliminación de obstáculos á unidade de mercado nos marcos xurídicos correspondentes.
- c) Seguimento dos mecanismos de cooperación establecidos nesta lei, en particular, do sistema de intercambio de información e a efectiva integración de rexistros sectoriais.
- d) Coordinación da actividade desenvolvida polas conferencias sectoriais en materia de unidade de mercado.
- e) Seguimento dos mecanismos de protección dos operadores económicos previstos no capítulo VII desta lei, así como dos seus resultados.
- f) Aprobación do informe a que se refire a letra f) do artigo 11 desta lei.
- g) Impulso das tarefas de cooperación na elaboración de proxectos normativos establecidas no artigo 14 desta lei.
- h) Impulso e revisión dos resultados da avaliación periódica da normativa a que se refire o artigo 15 desta lei.

Artigo 11. *Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado.*

A Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado é o órgano técnico de coordinación e cooperación continua coas autoridades competentes para a aplicación desta lei e terá as seguintes funcións:

- a) Supervisión continua da aplicación desta lei e da adaptación da normativa do conxunto das autoridades competentes.
- b) Análise e avaliación da situación da unidade de mercado no territorio nacional.
- c) Elaboración dun catálogo de boas e malas prácticas que teñen efectos sobre a unidade de mercado, que será aprobado polo Consello para a Unidade de Mercado.
- d) Elaboración e difusión de indicadores de calidade normativa respecto da unidade de mercado e do seu impacto económico.
- e) Xestión dos mecanismos de protección dos operadores económicos no ámbito da unidade de mercado no marco do previsto no capítulo VII desta lei.
- f) Elaboración dun informe de carácter semestral sobre as letras anteriores con conclusións e, se é o caso, recomendacións para a revisión ou reforma de marcos xurídicos.

g) Articulación de accións de cooperación e actividades conxuntas entre autoridades competentes.

Artigo 12. *Cooperación no marco das conferencias sectoriais.*

1. A través das conferencias sectoriais, as diferentes autoridades competentes analizarán e propoñerán as modificacións normativas necesarias para cumprir cos principios recollidos nesta lei e establecer marcos regulatorios adaptados aos seus principios e disposicións. O traballo destas conferencias sectoriais poderá contar coa contribución dos operadores económicos que, a través dunha consulta ás súas entidades representativas, participarán, se é o caso, na detección das distorsións que se producen na unidade de mercado e dos ámbitos que requiren unha análise da normativa vixente, en liña co establecido nesta lei.

2. En particular, as conferencias sectoriais analizarán as condicións e os requisitos requiridos para o acceso e o exercicio da actividade económica, así como os relativos á distribución e á comercialización de produtos, e impulsarán os cambios normativos e as reformas que poderán consistir, entre outros, en:

a) Propostas de modificación, derogación ou refundición da normativa existente, co fin de eliminar os obstáculos identificados ou facer compatibles con esta lei aquelas normas que incidan na liberdade de establecemento e de libre circulación de bens e servizos.

b) Adopción de acordos que establezan estándares de regulación sectorial, en materias que son competencia autonómica e local, de acordo cos principios contidos nesta lei.

c) Adopción doutras medidas, tales como plans de actuación que traten sobre as materias analizadas co fin de eliminar os obstáculos identificados de acordo cos principios desta lei.

3. Sen prexuízo do resto de funcións que ten establecidas esta lei, o Consello de Unidade de Mercado, a través da súa secretaría, colaborará coas secretarías das conferencias sectoriais en aplicación do establecido neste artigo.

Artigo 13. *Información á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.*

Os ministerios de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade informarán a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos sobre o desenvolvemento e a aplicación desta lei e acerca dos traballos realizados no seo do Consello para a Unidade de Mercado e das conferencias sectoriais.

Artigo 14. *Cooperación na elaboración de proxectos normativos.*

1. As autoridades competentes intercambiarán información relativa aos proxectos normativos que poidan ter incidencia na unidade de mercado, valorando especialmente a coherencia dos ditos proxectos normativos con esta lei.

2. Nos procedementos de elaboración de normas que afecten, de maneira relevante, a unidade de mercado, a autoridade competente propoñente da norma poñerá á disposición do resto de autoridades a través do sistema de intercambio electrónico de información previsto no artigo 23 desta lei, coa antelación suficiente, o texto do proxecto de norma, acompañado dos informes ou documentos que permitan a súa adecuada valoración, incluíndo, se é o caso, a memoria da análise de impacto normativo.

3. As leis ou disposicións de carácter xeral que regulen as funcións ou a actuación de varias autoridades competentes en relación coas previsións contidas nesta lei garantirán o principio de simplificación de cargas.

4. Se o proxecto de norma establece ou modifica medios de intervención, analizarase a existencia doutras medidas que afecten a mesma actividade, xa establecidas por outras autoridades competentes. Así mesmo, asegúrase que os

medios de intervención non recaen sobre os mesmos aspectos, en caso de concorrencia de varias administración, e preverá un sistema polo cal o procedemento non xere custos adicionais para o operador en comparación coa intervención dunha única Administración.

5. Se o proxecto de norma establece ou modifica requisitos de acceso ou exercicio dunha actividade económica analizarase a consistencia destes co resto da normativa das demais autoridades competentes.

6. Nos procedementos de audiencia pública das leis e disposicións normativas de carácter xeral, os operadores económicos ou as súas asociacións representativas poderanse pronunciar sobre o impacto da normativa na unidade de mercado.

Artigo 15. *Avaliación periódica da normativa.*

1. Todas as autoridades competentes avaliarán periodicamente a súa normativa co obxecto de valorar o impacto desta na unidade de mercado.

2. Sen prexuízo da avaliación establecida no punto anterior, as conferencias sectoriais impulsarán a avaliación periódica nas materias da súa competencia, así como os cambios normativos que poidan proceder, no marco do establecido no artigo 12 desta lei.

Para tal efecto, as conferencias sectoriais concretarán, con periodicidade anual, o programa de avaliación que se considera prioritario para o período.

3. Así mesmo, o Consello para a Unidade de Mercado poderá impulsar a avaliación do marco xurídico vixente nun sector económico determinado, cando se detectasen obstáculos á unidade de mercado, conforme o establecido no artigo 10 desta lei.

CAPÍTULO IV

Garantías para o libre establecemento e circulación

Artigo 16. *Libre iniciativa económica.*

O acceso ás actividades económicas e o seu exercicio será libre en todo o territorio nacional e soamente se poderá limitar conforme o establecido nesta lei e o disposto na normativa da Unión Europea ou en tratados e convenios internacionais.

Artigo 17. *Instrumentación do principio de necesidade e proporcionalidade.*

1. Poderase establecer a exigencia dunha autorización sempre que concorran os principios de necesidade e proporcionalidade, que se deberán motivar suficientemente na lei que estableza o dito réxime. Cando o réxime de autorización se exixa por norma comunitaria ou tratado internacional, as autorizacións poderán estar previstas nunha norma de rango inferior á lei. Considerarase que concorren os principios de necesidade e proporcionalidade para a exigencia dunha autorización:

a) Respecto dos operadores económicos, cando estea xustificado por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade, e estas razóns non se poidan salvagardar mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación.

b) Respecto das instalacións ou infraestruturas físicas necesarias para o exercicio de actividades económicas, cando sexan susceptibles de xerar danos sobre o ambiente e o contorno urbano, a seguridade ou a saúde pública e o patrimonio histórico-artístico, e estas razóns non se poidan salvagardar mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación.

c) Cando, pola escaseza de recursos naturais, a utilización de dominio público, a existencia de inequívocos impedimentos técnicos ou en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas, o número de operadores económicos do mercado sexa limitado.

d) Cando así o dispoña a normativa da Unión Europea ou tratados e convenios internacionais, incluíndo a aplicación, se é o caso, do principio de precaución.

As inscricións en rexistros con carácter habilitante terán, para todos os efectos, o carácter de autorización.

2. Considerarase que concorren os principios de necesidade e proporcionalidade para exixir a presentación dunha declaración responsable para o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou para as instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas, cando na normativa se exixa o cumprimento de requisitos xustificados por algunha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados.

3. As autoridades competentes poderán exixir a presentación dunha comunicación cando, por algunha razón imperiosa de interese xeral, tales autoridades precisen coñecer o número de operadores económicos, as instalacións ou as infraestruturas físicas no mercado.

4. As autoridades competentes velarán por minimizar as cargas administrativas soportadas polos operadores económicos, de maneira que, unha vez aplicado o principio de necesidade e proporcionalidade de acordo cos puntos anteriores, elixirán un único medio de intervención, ben sexa a presentación dunha comunicación, dunha declaración responsable ou a solicitude dunha autorización.

5. O establecido neste artigo entenderase sen prexuízo do previsto no capítulo V desta lei.

Artigo 18. Actuacións que limitan a liberdade de establecemento e a liberdade de circulación.

1. Cada autoridade competente asegurarse de que calquera medida, límite ou requisito que adopte ou manteña en vigor non teña como efecto a creación ou o mantemento dun obstáculo ou barreira á unidade de mercado.

2. Serán consideradas actuacións que limitan o libre establecemento e a libre circulación por non cumprir os principios recollidos no capítulo II desta lei os actos, disposicións e medios de intervención das autoridades competentes que conteñan ou apliquen:

a) Requisitos discriminatorios para o acceso a unha actividade económica ou ao seu exercicio, para a obtención de vantaxes económicas ou para a adxudicación de contratos públicos, baseados, directa ou indirectamente, no lugar de residencia ou establecemento do operador. Entre estes requisitos inclúen, en particular:

1.º Que o establecemento ou o domicilio social se encontre no territorio da autoridade competente, ou que dispoña dun establecemento físico dentro do seu territorio.

2.º Que o operador residise ou operase durante un determinado período de tempo no dito territorio.

3.º Que o operador estivese inscrito en rexistros do dito territorio.

4.º Que o seu persoal, os que desempeñen a propiedade ou os membros dos órganos de administración, control ou goberno residan no dito territorio ou reúnan condicións que directa ou indirectamente discriminen as persoas procedentes doutros lugares do territorio.

5.º Que o operador deba realizar un curso de formación dentro do territorio da autoridade competente.

b) Requisitos de obtención dunha autorización, homologación, acreditación, cualificación, certificación, distinción ou recoñecemento, de presentación dunha declaración responsable ou comunicación ou de inscrición nalgún rexistro para o exercicio da actividade no territorio dunha autoridade competente distinta da autoridade de orixe.

c) Requisitos de cualificación profesional adicionais aos requiridos no lugar de orixe ou onde o operador accedese á actividade profesional ou profesión, tales como:

1.º Necesidades de homologación, validación, acreditación, cualificación, certificación, distinción ou recoñecemento de títulos ou certificados que acrediten

determinadas cualificacións profesionais emitidos por autoridades ou entidades doutras comunidades autónomas.

2.º Calquera outro requisito que obstaculice o libre exercicio dos servizos profesionais en todo o territorio nacional.

d) Requisitos de seguros de responsabilidade civil ou garantías equivalentes ou comparables no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía, adicionais aos establecidos na normativa do lugar de orixe, ou que a obriga de que a constitución ou o depósito de garantías financeiras ou a subscripción dun seguro se deban realizar cun prestador ou organismo do territorio da autoridade competente.

e) Especificacións técnicas para a circulación legal dun produto ou para a súa utilización para a prestación dun servizo distintas das establecidas no lugar de fabricación.

f) Para a obtención de vantaxes económicas, exixencia de requisitos de obtención dunha autorización, homologación, acreditación, cualificación, certificación, distinción ou recoñecemento, de presentación dunha declaración responsable ou comunicación ou de inscrición nalgún rexistro para acreditar a equivalencia das condicións que reúne o operador establecido noutro lugar do territorio cos requisitos exixidos para a concesión das ditas vantaxes económicas.

g) Requisitos de natureza económica ou intervención directa ou indirecta de competidores na concesión de autorizacións, nos termos establecidos nas letras e) e f) do artigo 10 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

h) Requisitos que conteñan a obriga de ter realizado investimentos no territorio da autoridade competente.

i) Calquera outro requisito que non garde relación directa co obxecto da actividade económica ou co seu exercicio.

CAPÍTULO V

Principio de eficacia en todo o territorio nacional

Artigo 19. *Libre iniciativa económica en todo o territorio nacional.*

1. Desde o momento en que un operador económico estea legalmente establecido nun lugar do territorio español poderá exercer a súa actividade económica en todo o territorio, mediante establecemento físico ou sen el, sempre que cumpra os requisitos de acceso á actividade do lugar de orixe, incluso cando a actividade económica non estea sometida a requisitos no dito lugar.

2. Calquera produto legalmente producido ao abeiro da normativa dun lugar do territorio español poderá circular e ofertarse libremente no resto do territorio desde o momento da súa posta no mercado.

3. Cando, conforme a normativa do lugar de destino, se exixan requisitos, cualificacións, controis previos ou garantías aos operadores económicos ou aos bens, distintos dos exixidos ou obtidos ao abeiro da normativa do lugar de orixe, a autoridade de destino asumirá a plena validez destes últimos, aínda que difiran no seu alcance ou contía. Así mesmo, o libre exercicio operará incluso cando na normativa do lugar de orixe non se exixa ningún requisito, control, cualificación ou garantía.

Artigo 20. *Eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas.*

1. Terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de que o operador económico realice ningún trámite adicional ou cumpra novos requisitos, todos os medios de intervención das autoridades competentes que permitan o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou acrediten o cumprimento de certas calidades, cualificacións ou circunstancias. En particular, terán plena eficacia, en todo o territorio

nacional, sen que se poida exixir ao operador económico o cumprimento de novos requisitos ou outros trámites adicionais:

- a) As autorizacións, as licenzas, as habilitacións e as cualificacións profesionais obtidas dunha autoridade competente para o acceso ou o exercicio dunha actividade, para a produción ou a posta no mercado dun ben, produto ou servizo.
- b) As declaracións responsables e comunicacións presentadas ante unha autoridade competente para o acceso ou o exercicio dunha actividade económica.
- c) As inscricións en rexistros que sexan necesarias para o acceso ou exercicio dunha actividade económica.
- d) Calquera outro requisito normativamente establecido que permita acceder a unha actividade económica ou exercela.

2. Os organismos de avaliación, acreditación, certificación e outros similares, legalmente establecidos en calquera lugar do territorio nacional, terán plena capacidade para realizar as súas funcións en todo o territorio nacional.

Os recoñecementos ou acreditacións, cualificacións ou certificacións dunha autoridade competente ou dun organismo dependente, recoñecido ou habilitado por ela, serán plenamente válidos para todos os efectos en todo o territorio nacional, sen que se poida exixir a realización de ningún trámite adicional ou o cumprimento de novos requisitos.

3. O disposto no punto anterior aplicarase, en particular, aos seguintes supostos:

- a) Certificacións de calidade para efectos da acreditación do cumprimento das normas de garantía de calidade nos procedementos de contratación das autoridades competentes, para o fornecemento de bens e servizos en determinadas circunstancias ou a determinados suxeitos e para a obtención de vantaxes económicas, ben sexan subvencións ou beneficios fiscais.
- b) Certificacións ou recoñecementos oficiais, para efectos dos dereitos ou vantaxes económicas que obteñen as persoas físicas ou xurídicas que contratan cun operador oficialmente recoñecido.
- c) Certificacións, recoñecementos e acreditacións, para efectos de comprobar a concurrencia dun nivel determinado de calidade ou de profesionalidade exixido para o acceso ou exercicio dunha actividade económica determinada.

4. O principio de eficacia, en todo o territorio nacional, non se aplicará en caso de autorizacións, declaracións responsables e comunicacións vinculadas a unha concreta instalación ou infraestrutura física. Non obstante, cando o operador estea legalmente establecido noutro lugar do territorio, as autorizacións ou declaracións responsables non poderán considerar requisitos que non estean ligados especificamente á instalación ou infraestrutura.

O principio de eficacia en todo o territorio nacional tampouco se aplicará aos actos administrativos relacionados coa ocupación dun determinado dominio público ou cando o número de operadores económicos nun lugar do territorio sexa limitado en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas.

CAPÍTULO VI

Supervisión dos operadores económicos

Artigo 21. *Autoridade competente na supervisión dos operadores.*

1. As autoridades competentes supervisarán o exercicio das actividades económicas garantindo a liberdade de establecemento e a libre circulación e o cumprimento dos principios recollidos nesta lei.
2. Cando a competencia de supervisión e control non sexa estatal:

- a) As autoridades de orixe serán as competentes para a supervisión e o control dos operadores respecto do cumprimento dos requisitos de acceso á actividade económica.
- b) As autoridades de destino serán as competentes para a supervisión e o control do exercicio da actividade económica.
- c) As autoridades do lugar de fabricación serán as competentes para o control do cumprimento da normativa relacionada coa produción e cos requisitos do produto para o seu uso e consumo.

3. En caso de que, como consecuencia do control realizado pola autoridade de destino, se detectase o incumprimento de requisitos de acceso á actividade de operadores ou de normas de produción ou requisitos do produto, comunicárase á autoridade de orixe para que esta adopte as medidas oportunas, incluídas as sancionadoras que correspondan.

Artigo 22. Integración da información que consta nos rexistros sectoriais.

1. O portelo único a que se refire o artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, integrará nunha base de datos común a información que conste nos distintos rexistros referente aos operadores económicos, establecementos e instalacións, que sexa necesaria para o exercicio das competencias atribuídas en materia de supervisión e control ás autoridades competentes, en particular, sobre aquelas actividades sometidas a un réxime de autorización, declaración responsable ou comunicación, todo iso sen prexuízo do establecido nas normas de protección de datos de carácter persoal.

2. Para os efectos do punto anterior, os entes, entidades e organismos públicos da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica e local remitirán os datos que consten nos mencionados rexistros ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, responsable da xestión do portelo único a que se refire o mesmo punto.

3. A remisión realizarase por medios electrónicos. Para iso, as autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias e incorporarán no seu respectivo ámbito de competencia as tecnoloxías precisas para garantir a interoperabilidade dos distintos sistemas, de acordo co Esquema nacional de interoperabilidade.

4. A partir do momento da integración da información correspondente no portelo único, as autoridades competentes, coa periodicidade que se determine regulamentariamente, remitiranlle electronicamente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información referente ás novas autorizacións outorgadas ou ás declaracións responsables e comunicacións presentadas polos operadores.

5. A integración na base de datos do portelo único dos datos dun determinado operador, establecemento ou instalación non constitúe, en ningún caso, un requisito necesario para poder iniciar ou exercer a actividade. Esta integración de datos efectuarase de conformidade co principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecido no artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e con pleno respecto ás especialidades que, en materia de confidencialidade, poida establecer a normativa sectorial, así como á normativa sobre protección de datos.

6. O desenvolvemento e funcionamento da base de datos do portelo único entenderase sen prexuízo das competencias das autoridades competentes para establecer rexistros de operadores, establecementos e instalacións nos seus respectivos territorios.

Artigo 23. Sistema de intercambio electrónico de información.

1. Para intercambiar información de acordo co previsto neste capítulo, as autoridades competentes dispoñerán dun sistema de intercambio electrónico de datos, incluídos os datos de carácter persoal e sen prexuízo do establecido nas normas de protección deste tipo de datos.

Con este fin, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, establecerá un sistema de intercambio electrónico de datos que poderán utilizar as autoridades competentes na materia. O dito sistema de intercambio canalizarase a través de plataformas de infraestruturas e servizos comúns mantidas pola mencionada Secretaría de Estado.

2. En caso de que non se acorde un formato común de comunicación entre autoridades competentes, o Ministerio de Facenda e de Administracións Públicas determinará, de conformidade co principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecido no artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 24. *Intercambio de información no exercicio de funcións de supervisión.*

1. A autoridade de orixe, no exercicio das súas funcións de supervisión respecto do cumprimento dos requisitos de acceso á actividade económica, poderá solicitar da autoridade de destino a realización de comprobacións, inspeccións e investigacións respecto dos operadores ou bens que se encontren ou se encontrasen no seu territorio.

A autoridade de destino procederá ás comprobacións, ás inspeccións e ás investigacións que outras autoridades competentes lle solicitasen no prazo que as autoridades acorden e, a falta de acordo expreso, no prazo máximo de quince días, e contestará motivadamente e informará estas autoridades sobre os resultados.

2. A autoridade de destino, no exercicio das súas funcións de supervisión respecto do cumprimento dos requisitos de exercicio da actividade, poderá:

a) Requirir a autoridade de orixe toda a información que sexa necesaria para confirmar que o operador se encontra legalmente establecido.

b) Solicitar á autoridade de orixe a realización de comprobacións, inspeccións e investigacións respecto dos operadores que operen ou operasen no seu territorio.

A autoridade de orixe realizará todas as actuacións necesarias en resposta ás solicitudes da autoridade de destino no prazo que as autoridades acorden e, a falta de acordo expreso, no prazo máximo de quince días, contestará motivadamente e informará estas autoridades sobre os resultados.

Artigo 25. *Intercambio de información por razóns imperiosas de interese xeral.*

1. Para efectos de evitar prexuízos graves para a saúde ou a seguridade das persoas ou para o ambiente, no seu territorio ou no doutras autoridades competentes, as autoridades competentes cooperarán entre si mediante o intercambio de información e, se é o caso, solicitudes de actuación, nos prazos máis breves posibles co obxecto de adoptaren as medidas que resulten necesarias.

2. As autoridades competentes, incluíndo os colexios profesionais, comunicaránlle á autoridade competente que así o solicitase motivadamente e no marco da lexislación vixente as medidas disciplinarias e as sancións administrativas firmes que adoptasen respecto dos operadores económicos e que garden relación cos bens producidos e cos servizos prestados ou coa súa actividade económica. A autoridade competente comunicarlle ao operador económico que tal información foi subministrada a outra autoridade competente.

CAPÍTULO VII

Mecanismos de protección dos operadores económicos no ámbito da liberdade de establecemento e da liberdade de circulación

Artigo 26. *Procedemento en defensa dos dereitos e intereses dos operadores económicos polas autoridades competentes.*

1. O operador económico que entenda que se vulneraron os seus dereitos ou intereses lexítimos por algunha disposición de carácter xeral, acto, actuación, inactividade ou vía de feito que poida ser incompatible coa liberdade de establecemento ou de circulación, nos termos previstos nesta lei, poderá dirixir a súa reclamación á Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado no prazo dun mes, a través do portelo que para o efecto se estableza. No caso de actuacións constitutivas de vía de feito, o prazo será de vinte días contados desde aquel en que se iniciaron.

En concreto, poderase dirixir a reclamación regulada por este artigo fronte a toda actuación que, esgotando ou non a vía administrativa, sexa susceptible de recurso administrativo ordinario. Tamén se poderá dirixir fronte ás disposicións de carácter xeral e demais actuacións que, de conformidade co disposto polo capítulo I do título III da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pode ser obxecto de recurso contencioso-administrativo.

2. As organizacións representativas dos operadores económicos, incluídas as cámaras oficiais de comercio e as asociacións profesionais, poderán acudir ao procedemento previsto no punto anterior en defensa dos intereses colectivos que representan.

3. O procedemento previsto neste artigo ten carácter alternativo. De non acollerse a el, o operador económico poderá interpoñer os recursos administrativos ou xurisdicionais que procedan contra a disposición, o acto ou a actuación de que se trate.

4. Para a resolución desta reclamación, as autoridades competentes actuarán e cooperarán a través da rede de puntos de contacto para a unidade de mercado e solución de diferenzas. Serán puntos de contacto:

- a) A Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado.
- b) A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- c) Cada departamento ministerial.
- d) A autoridade que designe cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía.

5. A Secretaría revisará a reclamación para comprobar que se trata dunha actuación que poida ser incompatible coa liberdade de establecemento ou circulación e poderá non admitila cando non concorresen tales requisitos. Unha vez admitida, remitiraa ao punto de contacto correspondente á autoridade competente afectada. Para estes efectos, considerarase autoridade competente:

- a) Cando se trate de disposicións de carácter xeral e actuacións que poñan fin á vía administrativa, a autoridade que as adoptase.
- b) Cando se trate de actuacións que non poñan fin á vía administrativa, aquela que, de non aplicarse o procedemento previsto neste artigo, coñecese do recurso contra a actuación obxecto de reclamación. Nestes casos, a dita autoridade solicitará do órgano administrativo autor do acto a remisión do expediente administrativo, así como a remisión dun informe sobre a reclamación nun prazo de cinco días.

Así mesmo, a reclamación será distribuída entre todos os puntos de contacto, que poderán remitir á autoridade competente afectada, informando a Secretaría do Consello, as achegas que consideren oportunas no prazo de cinco días. A Secretaría deberá elaborar informe de valoración sobre a reclamación recibida nun prazo de dez días, que deberá ser tido en conta pola autoridade competente á hora de decidir. Os informes emitidos incorporaranse ao expediente administrativo.

6. Transcorridos quince días desde a presentación da reclamación, o punto de contacto correspondente á autoridade competente afectada informará da resolución adoptada por esta á Secretaría do Consello e á rede de puntos de contacto, indicando as medidas que se adoptasen para dar solución á reclamación.

De non se adoptar resolución no citado prazo, entenderase desestimada por silencio administrativo negativo e que, polo tanto, a autoridade competente mantén o seu criterio respecto da actuación obxecto da reclamación.

7. A Secretaría do Consello notificaralle ao operador a resolución adoptada, así como os demais informes emitidos, dentro do día hábil seguinte ao da recepción da resolución. Cando se trate de actuacións administrativas que non esgoten a vía administrativa, a resolución da autoridade competente debidamente notificada poñerá fin á dita vía.

8. Se o operador económico ou as organizacións representativas dos operadores económicos, incluídas as cámaras oficiais de comercio e as asociacións profesionais, á vista da decisión da autoridade competente, non consideran satisfeitos os seus dereitos ou intereses lexítimos, poderán dirixir a súa solicitude á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, conforme o establecido no artigo seguinte nun prazo de cinco días.

9. Cando existisen motivos de impugnación distintos da vulneración da liberdade de establecemento ou de circulación, os operadores que presentasen a reclamación regulada neste artigo deberán facelos valer, de forma separada, a través dos recursos administrativos ou xurisdicionais que procedan fronte á disposición ou actuación de que se trate. Non obstante, o prazo para a súa interposición iniciárase cando se produza a non admisión ou eventual desestimación da reclamación pola autoridade competente.

Artigo 27. *Lexitimación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia está lexitimada para a interposición de recurso contencioso-administrativo fronte a calquera disposición de carácter xeral, acto, actuación, inactividade ou vía de feito que se considere contraria, nos termos previstos nesta lei, á liberdade de establecemento ou de circulación procedente de calquera autoridade competente, de acordo co procedemento previsto no capítulo IV do título V da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá actuar de oficio ou por petición dos operadores económicos, que se poderán dirixir a esta antes de iniciar un procedemento contencioso-administrativo.

3. Presentada unha petición, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, tendo en conta o informe que, se é o caso, emitise a Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado sobre a reclamación, valorará no prazo de cinco días se procede a interposición de recurso contencioso-administrativo e informará o operador da súa decisión.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará o Ministerio de Economía e Competitividade e a Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado dos recursos interpostos e das peticións e denuncias recibidas.

5. O prazo para interpoñer un recurso contencioso-administrativo ordinario por parte dos operadores que presentasen a súa solicitude á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia quedará suspendido ata que esta lle comunique a súa decisión.

6. No caso da acción popular e do dereito de petición previstos na disposición adicional quinta desta lei, a lexitimación para a interposición do recurso contencioso-administrativo corresponderá en exclusiva á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen prexuízo do dereito de comparecencia regulado no artigo 127 ter da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 28. *Mecanismos adicionais de eliminación de obstáculos ou barreiras detectados polos operadores económicos, os consumidores e os usuarios.*

1. Fóra dos supostos previstos polo artigo 26 desta lei, os operadores económicos, os consumidores e os usuarios, así como as organizacións que os representan, poderán informar a Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado, en calquera momento e a través do portelo a que se refire o citado artigo 26, sobre calquera obstáculo ou barreira relacionada coa aplicación desta lei.

2. A Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado procederá a pedir informes dos puntos de contacto, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 26, en que se poderán incluír propostas de actuación. Así mesmo, elaborará o correspondente informe de valoración.

3. No prazo máximo de 15 días, a Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado informará o operador económico, o consumidor ou usuario ou a organización que os representa sobre a solución alcanzada.

4. A Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado informará puntualmente as conferencias sectoriais e o Consello para a Unidade de Mercado sobre os obstáculos e as barreiras detectadas polos operadores, consumidores ou usuarios ou organizacións que os representan, así como sobre as solucións alcanzadas e os resultados obtidos, para efectos de impulsar os sistemas de cooperación previstos nos artigos 10.4 e 12.2 desta lei.

5. Adicionalmente, os operadores económicos que recorresen ante a xurisdición contencioso-administrativa sen ter feito uso do procedemento previsto polo artigo 26 desta lei poderán solicitar informe á Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado.

Disposición adicional primeira. *Actuacións estatais.*

Cando, por razóns de orde pública, incluída a loita contra a fraude, a contratación pública e a garantía da estabilidade financeira, o medio de intervención, incluídas a regulación, supervisión e control para o acceso ou o exercicio dunha actividade económica corresponda ao Estado, a eficacia no territorio nacional quedará garantida pola intervención estatal, de maneira que as disposicións contidas no capítulo V desta lei non afectarán as competencias estatais establecidas na lexislación específica.

Disposición adicional segunda. *Produtos regulados.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 19.2 desta lei, a posta no mercado dos produtos estancos, explosivos, gasóleo profesional e mercadorías perigosas deberá respectar as condicións de venda establecidas na normativa estatal aplicable.

Disposición adicional terceira. *Plataforma de contratación do sector público.*

A Plataforma de contratación do Estado, regulada no artigo 334 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, pasará a denominarse Plataforma de Contratación do Sector Público.

Na plataforma publicarase, en todo caso, ben directamente polos órganos de contratación ou por interconexión con dispositivos electrónicos de agregación da información das diferentes administracións e entidades públicas, a convocatoria de licitacións e os seus resultados de todas as entidades comprendidas no punto 1 do artigo 3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Disposición adicional cuarta. *Uso voluntario de normas de calidade.*

Preferentemente, e en particular, cando a razón imperiosa de interese xeral, de acordo co punto 11 do artigo 3 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, sexa a protección dos dereitos, a seguridade e a saúde dos consumidores, as autoridades competentes promoverán o uso voluntario

de normas de calidade por parte dos operadores que melloren os niveis de calidade e de seguridade dos produtos e servizos.

Disposición adicional quinta. *Acción popular e dereito de petición.*

Será pública a acción para exixir ante os órganos administrativos e, a través da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ante os tribunais o cumprimento do establecido nesta lei e nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e a súa execución, para a defensa da unidade de mercado.

En particular, recoñécese a lexitimación das corporacións, das asociacións e dos grupos de afectados para exercer o dereito de petición a que se refire o artigo 27 desta lei e para comparecer no procedemento para a garantía da unidade de mercado regulado no capítulo IV do título V da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional sexta. *Avaliación anual da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos.*

A Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos elaborará unha avaliación anual sobre a implementación e os principais efectos en ámbitos de actuación pública concretos, das medidas recollidas nesta lei. Esta avaliación remitirase á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e ás comisións de economía e competitividade do Congreso dos Deputados e do Senado, tras o cal se fará pública.

Disposición adicional sétima. *Plan anual de traballo e seguimento.*

Para efectos do previsto no artigo 15 desta lei, presentarase á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos un plan de traballo e seguimento que defina, con carácter anual, obxectivos, prioridades e prazos de execución, para o continuo seguimento e avaliación da normativa sobre as actividades económicas á luz dos principios e mecanismos establecidos nesta lei.

Disposición adicional oitava. *Plan de traballo das conferencias sectoriais.*

Co fin de garantir a cooperación no marco das conferencias sectoriais, estas serán convocadas no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei para que analicen a normativa estatal e autonómica e, se é o caso, local, reguladora dos correspondentes sectores económicos e elaboren unha proposta de cambios normativos para cumprir cos principios recollidos nesta lei.

Disposición adicional novena. *Prazos máximos de remisión de información e do sistema de intercambio de información.*

A obriga de remisión dos datos que consten nos rexistros establecida no artigo 22 deberase realizar no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

O sistema de intercambio electrónico de información a que fai referencia o artigo 23 desta lei será posto á disposición das autoridades competentes polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional décima. *Determinación da autoridade de orixe.*

Cando, en aplicación da definición prevista na letra d) do anexo desta lei haxa conflito para determinar cal é a autoridade de orixe ou o operador se establece en máis dun lugar, elixirá como autoridade de orixe a de calquera dos lugares en que se establece e comunicaralle a súa elección ás autoridades afectadas. A comunicación producirá efectos

a partir da súa presentación e non afectará os procedementos administrativos iniciados con anterioridade.

Mentres os operadores económicos non efectuasen a comunicación da súa elección conforme o previsto no primeiro parágrafo desta disposición, desde a entrada en vigor dos artigos 20 e 21.2 desta lei considerárase que é autoridade de orixe a do lugar onde o operador económico exerce a dirección efectiva da súa actividade económica, centraliza a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

Cando o operador económico non accedese a esa actividade económica no lugar onde exerce a dirección efectiva da súa actividade económica, centraliza a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios, considerárase que é autoridade de orixe a do lugar en que se estableceu en primeiro lugar para levar a cabo esa actividade económica.

Disposición derogatoria.

No momento da entrada en vigor desta lei quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

A Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 11.1 ao cal se engade unha letra h), co seguinte teor:

«h. Dos recursos interpostos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en defensa da unidade de mercado.»

Dous. O punto 1 do artigo 110 queda redactado como segue:

«1. En materia tributaria, de persoal ao servizo da Administración pública e de unidade de mercado, os efectos dunha sentenza firme que recoñecese unha situación xurídica individualizada a favor dunha ou de varias persoas poderanse estender a outras, en execución da sentenza, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que os interesados se encontren en idéntica situación xurídica que os favorecidos pola decisión.

b) Que o xuíz ou tribunal sentenciador fose tamén competente, por razón do territorio, para coñecer das súas pretensións de recoñecemento da dita situación individualizada.

c) Que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo dun ano desde a última notificación desta aos que foron parte no proceso. Se se interpuxer recurso en interese de lei ou de revisión, este prazo contarase desde a última notificación da resolución que poña fin a este.»

Tres. Engádese un novo capítulo IV ao título V, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO IV

Procedemento para a garantía da unidade de mercado

Artigo 127 bis.

1. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considere que unha disposición, acto, actuación, inactividade ou vía de feito procedente de calquera Administración pública sexa contraria á liberdade de establecemento ou de circulación nos termos previstos na Lei 19/2013, de garantía da unidade de

mercado, poderá presentar o recurso contencioso-administrativo regulado neste capítulo.

2. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo para a garantía da unidade de mercado será de dous meses conforme o previsto nos puntos 1 a 3 do artigo 46. Cando o recurso se interpoña por solicitude dun operador económico, o prazo de dous meses computarase desde a presentación da solicitude ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 127 ter.

1. No mesmo día, ou no seguinte, da interposición do recurso pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en garantía da unidade de mercado, o secretario xudicial requirirá, con carácter urgente, o órgano administrativo correspondente, xuntando copia do escrito de interposición, para que, no prazo máximo de cinco días contado desde a recepción do requirimento remita o expediente acompañado dos informes e datos que se soliciten no recurso, con apercibimento de canto se establece no artigo 48.

2. A falta de envío do expediente administrativo dentro do prazo previsto no punto anterior non suspenderá o curso dos autos.

3. O secretario xudicial poñeralle de manifesto ao recorrente o expediente e demais actuacións para que, no prazo improrrogable de dez días, poida formalizar a demanda e xuntar os documentos oportunos. Se o expediente administrativo se recibise unha vez formalizada a demanda, concederase un trámite adicional de alegacións ás partes.

4. Formalizada a demanda, o secretario xudicial dará traslado desta ás partes demandadas para que, á vista do expediente, presenten contestación no prazo común e improrrogable de dez días e xunten os documentos que consideren oportunos.

5. Realizado o trámite de contestación, o órgano xurisdiccional decidirá no seguinte día sobre o recibimento a proba, de acordo coas normas xerais establecidas na presente lei e sen prexuízo do disposto no artigo 57. O período de práctica de proba non será, en ningún caso, superior a vinte días.

6. Conclusas as actuacións, o órgano xurisdiccional ditará sentenza no prazo de cinco días. A sentenza estimará o recurso cando a disposición, a actuación ou o acto incorresen en calquera infracción do ordenamento xurídico que afecte a liberdade de establecemento ou de circulación, incluída a desviación de poder.

Conforme o disposto no artigo 71, a sentenza que estime o recurso implicará a corrección da conduta infractora, así como o resarcimento dos danos e perdas, incluído o lucro cesante que a dita conduta causase.

Cando se trate de asuntos en que non caiba ulterior recurso, o órgano xurisdiccional poderá convocar as partes a unha comparecencia coa finalidade de ditar a súa sentenza de viva voz, expoñendo verbalmente os razoamentos en que sustente a súa decisión, resolvendo sobre os motivos que fundamenten o recurso e a oposición e pronunciando a súa decisión, de acordo co disposto nos artigos 68 a 71.

A non comparecencia de todas ou algunha das partes non impedirá o ditado da sentenza de viva voz.

En canto se refire á gravación da comparecencia e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 63.

Caso de terse ditado a sentenza de forma oral, o secretario xudicial expedirá certificación que recolla todos os pronunciamentos da decisión, con expresa indicación da súa firmeza e da actuación administrativa a que se refira. A dita certificación será expedida no prazo máximo de cinco días e notificáraselles ás partes.

A anterior certificación rexistrarase e incorporarase ao libro de sentenzas do órgano xudicial. O soporte videográfico da comparecencia quedará unido ao procedemento.

7. Durante a tramitación do procedemento poderá solicitar a súa intervención, como parte recorrente, calquera operador económico que tivese interese directo na anulación do acto, actuación ou disposición impugnada e non a impugnase de forma independente.

A solicitude do operador resolverase por medio de auto, logo de audiencia das partes comparecidas, no prazo común de cinco días.

Admitida a intervención, non se retrotraerán as actuacións, pero o interviniente será considerado parte no proceso para todos os efectos e poderá defender as pretensións formuladas ou as que o propio interviniente formule, se tiver oportunidade procesual para iso.

O interviniente poderá utilizar os recursos que procedan contra as resolucións que considere prexudiciais para o seu interese, aínda que as consinta a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou as demais partes comparecidas.

8. A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional acordará a acumulación ao promovido pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de todo procedemento que, iniciado por un operador económico ante este ou outro órgano xurisdiccional, se dirixa fronte á mesma disposición ou actuación e se funde na vulneración da liberdade de establecemento ou de circulación, conforme o previsto nesta lei.

9. Para todos os efectos, a tramitación destes recursos terá carácter preferente.

10. O procedemento para a garantía da unidade de mercado, no non disposto neste capítulo, rexerese polas normas xerais da presente lei.

Artigo 127 quáter.

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar no seu escrito de interposición a suspensión da disposición, acto ou resolución impugnados, así como calquera outra medida cautelar que asegure a efectividade da sentenza.

2. Solicitada a suspensión da disposición, acto ou resolución impugnados, esta producirase de forma automática, unha vez admitido o recurso e sen exigencia de afianzamento dos posibles prexuízos de calquera natureza que puidesen derivar. A Administración cuxa actuación se recorre poderá solicitar o levantamento da suspensión no prazo de tres meses desde a súa adopción, sempre que acredite que do seu mantemento puider seguirse unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro que o tribunal ponderará en forma circunstanciada.

Formulada a solicitude, darase traslado dela á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para que, no prazo de dez días, alegue o procedente para o mantemento ou o levantamento da suspensión para os intereses en conflito.

Realizado o anterior trámite, o tribunal resolverá o que considere procedente mediante auto nos cinco días seguintes.

3. A solicitude de calquera outra medida cautelar tramitarase na forma prevista no capítulo II do título VI.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, queda modificada nos seguintes termos:

Un. A letra b) do artigo 5 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Necesidade: que o réxime de autorización estea xustificado por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública, protección do ambiente ou, cando

a escaseza de recursos naturais ou a existencia de inequívocos impedimentos técnicos, limiten o número de operadores económicos do mercado.»

Dous. O punto 3 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«3. A realización dunha comunicación ou dunha declaración responsable ou o outorgamento dunha autorización permitiralle ao prestador acceder á actividade de servizos e exercela na totalidade do territorio español, incluso mediante o establecemento de sucursais.

Os medios de intervención que se apliquen aos establecementos físicos respectarán as seguintes condicións:

a) Poderá exixirse unha autorización para cada establecemento físico cando sexa susceptible de xerar danos sobre o ambiente e o contorno urbano, a seguridade ou a saúde pública e o patrimonio histórico-artístico, avaliándose este risco de acordo coas características das instalacións.

b) Poderá exixirse unha declaración responsable para cada establecemento físico cando na normativa se exixa o cumprimento de requisitos xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral.

c) Poderá exixirse unha comunicación cando, por razóns imperiosas de interese xeral, estas deban manter un control sobre o número ou as características das instalacións ou de infraestruturas físicas no mercado.

O medio de intervención deberá resultar proporcionado e non discriminatorio. Cando o prestador de servizos xa estea establecido en España e exerza legalmente a actividade, estas autorizacións ou declaracións responsables non poderán considerar requisitos que non estean ligados especificamente ao establecemento físico a partir do cal pretende levar a cabo a dita actividade.»

Tres. O punto 2 do artigo 11 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Non obstante, excepcionalmente, poderase supeditar o acceso a unha actividade de servizos ou ao seu exercicio ao cumprimento dalgún dos requisitos do punto anterior cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados.

En todo caso, a concorrencia destas condicións deberá ser notificada á Comisión Europea, segundo o disposto na disposición adicional cuarta e deberá estar suficientemente motivada na normativa que estableza tales requisitos.»

Catro. A letra a) do punto dous do artigo 25 queda redactada do seguinte modo:

«a) As profesións reguladas, na medida en que sexa necesario para garantir o cumprimento de requisitos deontolóxicos distintos e incompatibles debidos ao carácter específico de cada profesión, sempre que estes estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral, sexan proporcionados e non discriminatorios.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 2, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións contidas no título I desta lei aplicaranse ás actividades comerciais polo miúdo e á prestación de determinados servizos previstos no anexo desta lei, realizados a través de establecementos permanentes, situados en calquera parte do territorio nacional e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a 750 metros cadrados.»

Dous. Modifícase a disposición derradeira décima, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira décima. *Ampliación polas comunidades autónomas do limiar de superficie, do catálogo de actividades e doutros supostos de non exixibilidade de licenzas.*

As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán ampliar o limiar de superficie e o catálogo de actividades comerciais e servizos, previstos no título I e no anexo desta lei, así como determinar calquera outro suposto de non exixibilidade de licenzas. Así mesmo, poderán establecer regulacións sobre estas mesmas actividades con menor intervención administrativa, incluída a declaración de inocuidade.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase en exercicio das competencias exclusivas do Estado para a regulación da condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, lexislación procesual en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, así como sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e a lexislación básica sobre contratos administrativos, recollidas respectivamente nas materias do artigo 149.1. 1.^a, 6.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Adaptación da normativa vixente.*

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, procederase á adaptación das disposicións vixentes con rango legal e regulamentario ao disposto nela.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento normativo.*

O Goberno poderá aprobar as normas de rango regulamentario que resulten necesarias para o desenvolvemento do previsto nesta lei. Así mesmo, autorízanse os ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade no ámbito das súas respectivas competencias para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante, o artigo 20, os puntos 2 e 3 do artigo 21, e o artigo 26 entrarán en vigor aos tres meses da publicación desta lei excepto para aqueles servizos regulados na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Por tanto,
mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO

Definicións

Para efectos desta lei, entenderase por:

a) **Acreditación:** declaración por un organismo de acreditación de que un organismo de avaliación da conformidade cumpre os requisitos fixados de acordo con normas harmonizadas e, cando proceda, outros requisitos adicionais, incluídos os establecidos nos esquemas sectoriais pertinentes, para exercer actividades específicas de avaliación da conformidade.

b) **Actividade económica:** calquera actividade de carácter empresarial ou profesional que supoña a ordenación por conta propia dos medios de produción, dos recursos humanos, ou ambos, coa finalidade de intervir na produción ou na distribución de bens ou na prestación de servizos.

c) **Autoridade competente:** calquera organismo ou entidade que leve a cabo a regulación, a ordenación ou o control das actividades económicas, ou cuxa actuación afecte o acceso a unha actividade económica ou ao seu exercicio e, en particular, as autoridades administrativas estatais, autonómicas ou locais e os colexios profesionais e, se é o caso, consellos xerais e autonómicos de colexios profesionais.

d) **Autoridade de orixe:** autoridade competente do lugar do territorio nacional onde o operador estea establecido legalmente para levar a cabo unha determinada actividade económica. Entenderase que un operador está establecido legalmente nun territorio cando nese lugar se acceda a unha actividade económica e ao seu exercicio.

e) **Autoridade de destino:** autoridade competente do lugar do territorio nacional onde un operador legalmente establecido noutro lugar do territorio nacional leva a cabo unha actividade económica, mediante establecemento ou sen el.

f) **Autorización, licenza ou habilitación:** calquera acto, expreso ou tácito da autoridade competente, que se exixa un operador económico con carácter previo para o acceso a unha actividade económica ou ao seu exercicio.

g) **Establecemento:** o acceso a unha actividade económica non asalariada e ao seu exercicio, así como a constitución e a xestión de empresas e especialmente de sociedades, nas condicións fixadas pola lexislación, por unha duración indeterminada, en particular, por medio dunha infraestrutura estable.

h) **Operador económico:** calquera persoa física ou xurídica ou entidade que realice unha actividade económica en España.

i) **Normas de calidade:** as disposicións aprobadas por un organismo recoñecido ou acreditado nacional ou internacionalmente, que proporcionan regras, directrices ou características dirixidas ao desenvolvemento das actividades económicas ou á calidade dos seus resultados.